

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

NO DIA DE GALICIA DE 1998
por
MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente da Xunta de Galicia

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia
Sr. Delegado do Goberno
Sr. Alcalde de Santiago de Compostela
Autoridades e representacións
Miñas donas e meus señores

A festividade do noso Glorioso Apóstolo e Santo Patrón, o Señor Santiago, convócanos un ano máis a celebra-la *fiesta maior de Galicia*, que é tamén -como quería Castelao- *a festa de tódolos galegos*.

O tempo, como sabemos moi ben, consagrou esta festividade a través dun variado conxunto de actos e cerimoniais, algunhas delas certamente importantes e representativas, como son a Misa Maior na Catedral e a secular Ofrenda Rexia. A elas fóronse sumando pouco a pouco as diversas procesións cívico-relixiosas e as manifestacións culturais e recreativas que, en número moi elevado, se suceden durante estes días.

O 25 de xullo converteuse nun día festivo, no que os galegos celebramos ter sido capaces de construír entre todos unha andamiaxe político-institucional que, ademais de preservar e afortala-la nosa identidade, está a facer posible o desenvolvemento económico e social de Galicia e a plena incorporación desta vella fisterra atlántica á modernidade.

Hoxe, o pobo galego cre e confía nas súas institucións de autogoberno, séntelas como algo propio e considera que a autonomía é un instrumento co que conseguir novas cotas de progreso e benestar para os galegos de hoxe e para os de mañá.

No marco da Constitución española de 1978 e do Estatuto de autonomía de 1981, Galicia foi artellando unha administración propia con capacidade para establecer e executar políticas de seu en case tódolos ámbitos: desde a lingua ou a cultura ó deporte, pasando pola agricultura, a pesca, a industria ou o medio ambiente.

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

Nos últimos anos acadamos un nivel de competencias aceptable para posibilitar un verdadeiro autogoberno. Non chegamos aínda ó teito competencial, pero estamos moi preto del. Atopámonos nun estadio de desenvolvemento autonómico no que xa non podemos desviar cara a Madrid as responsabilidades dunha xestión ineficaz da cousa pública galega.

Á hora da verdade, a eficacia do autogoberno para ir resolvendo os problemas do país depende de que esa ferramenta política sexa empregada axeitadamente con afán constructivo, con talante aberto e dialogante, sen sectarismos, xuntando vontades, promovendo o avance económico e social e procurando o verdadeiro progreso, o que non produce rupturas nin traumas.

Os gobernantes responsables non podemos ser alleos ós signos dos tempos que nos toca vivir. Hai que sabelos interpretar para nos situar e para establecérmolo rumbo axeitado. Non se pode ir contra o vento da Historia. Xa vimos cara a onde nos levaban as utopías, ó mesmo ningures onde nos levarían as ucronías, se sucumbimos á tentación escapista ou nos deixamos tentar polos cantos de serea.

Os galeguistas históricos chegaron a afirmalo: o separatismo é fillo da desesperación, do desacougo e do resentimento. Xa que logo, o separatismo é un sentimento reaccionario, unha reacción, un sobresalto. Sobre esas bases non se pode levantar nada que teña vocación de estabilidade e permanencia, nada con proxección de futuro, e menos aínda se poden albergar, como fan algúns desde as minorías, novos propósitos constituíntes baseados na insolidariedade e a radicalidade máis inxustificadas.

De irresponsables é ir a contracorrente. Xa non son tempos de nos encoller en nós mesmos, de nos atrincheirar, de nos pechar. “Galicia, vinte mil anos á defensiva”, lamentaba Sánchez Albornoz. Son tempos, como logo veremos, de abrirse ó exterior e asumir un papel activo, por modesto que sexa, na construción das grandes estruturas políticas supranacionais. Temos que aspirar a sermos actores e non suxeitos pasivos dos procesos de globalización e mundialización en marcha.

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

Desde hai xa uns cantos anos, o Día de Galicia é ocasión tamén dun acto solemne e humano á vez, que aquí nos congrega: a entrega das Medallas de Galicia. Un acto de significado especialísimo, aínda máis en data tan sinalada como a de hoxe, posto que é xusto e cabal testemuño da inquebrantable unión dos galegos no amor á terra e na defensa dos nosos valores e intereses.

Hai que lembrar neste aspecto, que no Decreto de 1991, polo que se regula a concesión da Medalla de Galicia nas súas tres categorías, Bronce, Prata e Ouro, se fixa con perfecta claridade o carácter e sentido, do galardón. No seu primeiro artigo establécese que estas se lles deberán outorgar *ás persoas físicas ou xurídicas, calquera que sexa a súa actividade, dentro ou fóra do territorio da Comunidade Autónoma, salientables polos seus méritos e polos servicios prestados á propia comunidade.*

Hoxe reciben o prezado galardón tres institucións ou asociacións e vintetrés persoas a título individual. Este testemuño de singular gratitude e recoñecemento público que a nosa Comunidade Autónoma ten cos galardoados queda sobradamente xustificado trala relación dos méritos que en cada un deles concorren, como puidemos escoitar mentres se procedía hai a penas uns momentos á entrega das medallas e dos seus correspondentes diplomas.

..O breve relato destes merecementos non só garante a concesión de cada unha das medallas, senón que ademais resulta ilustrativo da vitalidade e da creatividade do pobo galego nesta fin de milenio, e como en anos anteriores, as singulares traxectorias dos premiados maniféstanse a través dos vieiros máis variados da actividade humana.

Nuns casos, faise expreso recoñecemento dunha brillante traxectoria no ámbito da empresa, a hostelería e a restauración. Así é, efectivamente, nos casos do empresario **Jesús Fernández Cobelo**, gran promotor dos produtos galegos en Cataluña, e de **Emilia Vázquez Cadahía**, propietaria do celebrado restaurante Verruga, de Lugo, e de **José Limeres Guille** que o é dos non menos celebrados establecementos *Portonovo, Moaña e Pontearreas*, de Madrid. E xunto a estas grandes personalidades da restauración, recoñécese tamén a traxectoria emprendedora na construción

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

e no sector turístico de **José Sanjurjo Lozano**, propietario do Hotel Villamartín, de Vilalba.

No ámbito deportivo prémíase a **José Luis Torrado Casal**, *O Bruxo*, gran masaxista-recuperador de deportistas, e ós montañeiros **José Antonio** e **Jesús Martínez Novas** que despois dos éxitos xa alcanzados están desenvolvendo agora a grande Expedición Desafío 8000 ó Himalaia.

O gran xogador de baloncesto **Fernando Romay Pereiro**, que tantas veces vestiu a camiseta do equipo español; o seleccionador nacional de ximnasia artística feminina **Jesús Carballo García**, en quen ademais quixemos recompensa-los moi apreciábeis méritos dos seus fillos **Jesús**, **Javier** e **Manuel Carballo**, campións de ximnasia nas súas respectivas categorías e especialidades.

No ámbito da docencia univesitaria e da investigación premiamos hoxe os profesores **José Isidro Teijeira Martínez**, da Universidade bávara de Passau, é **José Manuel Touriñán López**, doutor en Pedagogía e catedrático da Universidade de Santiago de Compostela.

No eido do xornalismo e creación literaria, a poetisa **María do Carme Kruckenberg Sanjurjo**, e os xornalistas e tamén destacados escritores **Mariano Tudela Rodríguez**, **Antonio Domínguez Olano** e **Juan Soto Gutiérrez**, subdirector do diario El Progreso e cronista da provincia de Lugo.

E, xunto a eles, reciben tamén o noso aplauso o estudioso **Wenceslao Cabezas del Toro**, laureado divulgador do noso folclore, o mestre **Pablo Díaz Novo** incansable animador de iniciativas pedagóxicas e culturais en terras do Eume, e **Xosé Luis Foxo Rivas**, director da *Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense*.

Nos círculos asociativos e do exterior recoñécese, así mesmo, o labor desenvolvido por **Francisco Silva de Calheiros e Meneces**, Conde de **Calheiros**, na súa calidade de presidente da Asociación *Turismo de Habitação* (TURIHAB) a través da que promocionou iniciativas culturais e turísticas en beneficio mutuo entre Galicia e norte de Portugal e promotor da grande idea, xa convertida en realidade, das aldeas turísticas. A **José Ramón Guillermo Carlos Andrade y Cobas**, director técnico da

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

oficina delegada da Secretaría Xeral das Relacións coas Comunidades Galegas na República Arxentina e realizador de numerosas actividades en beneficio dos galegos emigrados naquel país, e tamén **Gabino Castro Gil** que con exemplar dedicación durante máis de 50 anos engrandeceu o Centro Galego de Lisboa-Xuventude de Galiza, que neste ano conmemora o 90 aniversario da súa fundación.

Noutro grupo de premiados recoñecemos con gratitude a súa meritoria dedicación no campo da asistencia social e a filantropía. Son estes os casos de **Ramón Ferreiros Regos**, practicante xubilado despois de case medio século dun moi abnegado e xeneroso labor en terras de Ordes, do avogado **Camilo Quelle Cid** altruísta colaborador de diversas institucións ourensás de carácter benéfico e asistencial e, a título póstumo, do empresario **Genaro Arceo Román** que foi presidente do *Hogar Gallego de Ancianos*, de Bos Aires onde desempeñou un eficiente e desinteresado labor en favor dos máis necesitados.

Por outra parte, a **Sociedade Protectora de Animais e Plantas** de Santiago de Compostela vén realizando, con medios escasos e esforzo persoal dos seus asociados, unha meritoria tarefa en favor dos animais abandonados. Na *Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo* (ARVI), recoñecemos-la defensa dos intereses da pesca galega en tódolos mares do mundo, e dun xeito especial ó *Colectivo Británico de Salvamento* que participou no rescate dos mariñeiros galegos do arrastreiro inglés *Sonia Nancy* naufragado o 4 de xaneiro deste ano.

* * * * *

A Medalla de Ouro deste ano tiña que ser para Súa Eminencia o cardeal **D. Antonio María Rouco Varela**, arcebispo de Madrid. Mérecea por galego activo, por cardeal, pola súa traxectoria persoal e por canto ten feito por Compostela e por Galicia. En primeiro lugar, como galego sobranceiro, nado na capital da Terra Chá, en Vilalba, a vila que ten para el e para min unha resonancia especial.

O grato acontecemento da súa elevación ó Cardealado ó Colexio dos Príncipes da Igrexa, asesores inmediatos do Papa e electores do Soberano Pontífice, é a mellor oportunidade para rubricar con este recoñecemento do Goberno autonómico os méritos acadados na vida do prelado madrileño.

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

Estamos seguros de que o capelo cardinalicio quixo ser, por parte da Santa Sé, o referendo da importancia do arcebispado da capital de España e, ó mesmo tempo, o premio por unha folla de servizos pastorais relevantes. Vén ser un dos poucos galegos que, ó longo da Historia da Igrexa, foron distinguidos coa púrpura cardinalicia, o terceiro neste século XX, que foi, por outra parte, o máis fecundo neste sentido.

Monseñor Rouco Varela, que iniciou os seus estudos no Seminario mindoniense de Santa Catarina, ampliounos nas universidades de Salamanca e de Munich e voltou, despois de face-lo doutoramento en Dereito na universidade da antiga capital de Baviera, á salmantina para exercer-la docencia xurídica, acadando moi cedo unha cátedra na Facultade de Dereito Canónico. Sendo membro do claustro salmantino e vicerrector da Pontificia recibiu o nomeamento de bispo auxiliar de Santiago de Compostela no ano 1976, e despois, no 1984, arcebispo da mesma sé que gobernaran en tempos anteriores galegos tan prestixiosos como Diego Xelmírez, Manuel Lago e Fernando Quiroga, antecesor este de Monseñor Rouco na mitra e no capelo.

Santiago de Compostela, Galicia e España téñenlle que agradecer ó cardeal Rouco esa entrega xenerosa ó ministerio episcopal en conxunto e, dunha maneira especial, á promoción do culto a Santiago o Maior, que lle deu nome e historia á cidade de Santiago, e o apelido baseado na presenza dos seus restos, porque Compostela naceu de dúas palabras, compósitum tellus, que quere dicir “sepulcro ben coidado”. E de honra-lo sartego de Santiago, o fillo do Zebedeo, preocupouse Monseñor Rouco dende o primeiro momento do seu ministerio en Santiago. Na actividade incansable de tódolos días, especialmente dos Anos Santos, fixo memoria da importancia que ten unha sé nacida sobre o enterramento dun apóstolo de Xesús. Primeiro, en calidade de bispo auxiliar, e despois, xa como titular do Arcebispado, recibiu dúas veces Súa Santidade Xoán Paulo II nas visitas que o Papa fixo a Compostela, na segunda delas para reunirse coa Xuventude mundial no Monte do Gozo, así chamado pola ledicia que sentían no seu corazón os peregrinos de tódolos tempos e que é o sentimento dos moitos que, gracias á propaganda e a restauración de camiños, albergues e atención ós romeiros, seguen a percorre-los vellos vieiros da peregrinación xacobeá.

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

Galicia manifesta hoxe unha débeda cun dos seus fillos máis relevantes do momento presente e quere figura-la súa gratitude con esta Medalla de Ouro, símbolo dun corazón e unha personalidade áurea, a de Monseñor Rouco Varela. E aínda que sabemos que non necesita estímulos para mirar con cariño a Compostela, pedímoslle a Súa Eminencia, seguros de que nos fará caso, que axude ó éxito do próximo Ano Xubilar Compostelán, o Xacobeo 99, no que desexamos que a multitudinaria peregrinación que se espera sexa coroada por unha nova visita pastoral de Súa Santidade Xoán Paulo II.

* * * * *

A peregrinación, o Camiño de Santiago é -xunto con esa oferta xenerosa que foi e segue sendo a galegidade- o máis emblemático exemplo da nosa acción exterior a través da Historia. Europa -na coñecida cita de Goethe- fíxose peregrinando a Compostela e esa universalidade do ser galego tamén se reflectiu alén dos mares como proban os máis de 400 topónimos que levan o nome do Fillo do Trono en terras americanas.

Esa Galicia que mirou ó Atlántico primeiro e a Europa despois como terras de promisión e como solución ás inxustas situacións sociais sufridas na nosa terra; esa Galicia que se ensimesmou logo nunha paréntese de autolamentacións e complexos inxustificados, aparece hoxe cunha anovada vontade de mirar cara a fóra como novo campo de manobras para o seu propio desenvolvemento existencial como pobo enmarcado en España e en Europa.

Dixen en varias ocasións en gráfica imaxe que se a primeira lexislatura foi a etapa das infraestructuras -que culminarán en poucos anos- a segunda foi a do impulso empresarial. E esta actual, na que o pobo galego me outorgou a súa confianza por terceira vez, vai se-la de favorece-la internacionalización das nosas empresas e, en suma, unha nova etapa para situar Galicia no mundo en xeral e entre América Latina e Europa en particular.

Vostedes saben ben que desaparecida a Guerra Fría, o liderado internacional, aparentemente monolítico, é en realidade difuso. Saben tamén que o vello concepto de relacións internacionais sofre unha profunda revisión ante a presenza de novos actores e circunstancias na vida

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

internacional como o turismo de masas e as tecnoloxías da comunicación. Hoxe son frecuentes e fáciles os contactos políticos entre estados, organizacións internacionais e entidades subestatais de todo tipo. Se todo iso é así, é perfectamente lexítimo levar a cabo accións exteriores dentro do respecto constitucional que esta actividade esixe.

Todo iso aplicado a Galicia supón un proxecto de acción exterior a medio prazo que contribua a impulsa-lo protagonismo da nosa sociedade civil, que será a que, á fin, encontrará aquí, pero tamén alá, as oportunidades para a súa maior e mellor autorrealización.

Se miramos cara a Europa que é o noso espacio natural de convivencia, abonde pensar que alá polo 2020, a Unión Europea contará cuns 25 estados membros. Alí estarán os que hoxe se atopan ás súas portas: Polonia, Estonia, Chequia, Hungría, e Chipre. Non sería sorprendente que entón estean á espera Bulgaria, Eslovaquia, Rumanía, Letonia e Lituania. Quizais as controversias euroturcas estean superadas. ¿Quen dubida que entrementes a actual Federación Rusa terá un tratado preferente coa Unión Europea?. E todo iso en 15 ou 20 anos.

Se miramos cara a América, é moi posible que todo o Continente chegue a formar unha nova Rexión Económica máis equilibrada no político e no social con subrexións con forte implantación coa actual Mercosur entre elas.

¿E quen dúbida, agás avatares da Historia, que nos próximos dez anos a globalización, como mercado mundial e a internacionalización como uniformidade de normas de libre comercio serán xa situacións de feito?.

¿Pero quen dubida asemade de que toda esa impresionante transición poderá estar salferida de dificultades e de inxustizas, do que a máxima e perversa expresión é a guerra e a fame ante a pasividade dos opulentos?.

O futuro estase a crear por poderes supraestatais e incluso metaestatais nos guste ou non nos guste, e debemos prepararnos aproveitando tódolos resortes á nosa disposición. Dentro da Unión Europea e fóra dela.

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

A Unión Europea bríndanos grandes oportunidades ó nos ofrecer un mercado de máis de 300 millóns de consumidores e 500 dentro de 20 anos, nun espacio sen fronteiras nin moedas nacionais onde a liberdade de servicios mercadorías e capitais é total e onde se está cocendo a tecnoloxía do futuro en certas áreas de actividade. Ofrécenos tamén unha historia e Cultura gloriosa da que formamos parte. Pero esíxenos un serio esforzo de mellora da nosa competitividade e unha resposta vigorosa ante o problema do emprego. Pídenos en definitiva, un desenvolvemento máis equilibrado dos nosos sectores e territorios que contrarreste os impactos negativos da globalización a través da deslocalización e o dinamismo empresarial. Ou dito doutro modo, esíxenos un modelo de desenvolvemento socioeconómico máis participado asumindo a sociedade civil as súas novas responsabilidades nos innovadores procesos de reequilibrio entre o público e o privado que vivimos.

América Latina ofrécenos todo e demándanos todo. Desde o Río Grande do norte ata o Cabo de Fornos, e aínda dentro da América Hispana do Xigante do norte, Galicia é un referente claro cando aqueles pobos, os mestizos ó norte e os europeos ó sur do Pilcomayo, miran cara á nova promesa que é para eles a Unión Europea. Eles e nós podemos chegar a un novo descubrimento desde a lealdade cooperativa en moitos e diversos campos e fóra das retóricas do pasado.

E todo iso é así porque América Latina -e en especial Mercosur- é estratéxicamente importante para a Unión Europea e en especial para España fortemente posicionada alén do Atlántico. ¿Como non ía ser importante para Galicia?

E en fin, grandes franxas do resto do mundo mostránsenos como áreas prioritarias de actuación institucional, económica e social: desde China ata os novos países adherentes á Unión Europea; desde as economías emerxentes de África ata os países do norte de Europa. Todo isto é posible acometelo de forma ordenada e sistemática, contando co enraizamento da nosa clase empresarial, sobre todo da máis nova, disposta a descubrir novos mundos e a cimentar -a través da cooperación empresarial interna e externa- o desenvolvemento autosostible de Galicia aproveitando as nosas vantaxes diferenciais en sectores concretos e contribuíndo así á estabilidade das nosas PEMES que son as que crean emprego.

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

Para que ese proxecto de apertura ilusionante sexa posible, a educación e a formación científica e técnica son armas estratéxicas. Ábrenos-lo mundo pero é preciso coñecelo para manexar mellor as nosas posibilidades. O coñecemento de idiomas faise necesario, en particular entre os nosos mozos. O marabilloso idioma portugués, pobo co que Galicia se integra cada día máis nun histórico proceso de consolidación da franxa atlántica, é outro aliciente para entrar no Universo con dous idiomas de brillante futuro como o que se depara para as dúas linguas ibéricas.

Señoras e Señores, a grande tarefa do noso futuro inmediato é contribuir a conciliar globalización con solidariedade e eficiencia con equidade. E iso ímolo conseguir reclamando ante a Europa que constrúe o seu futuro sobre as bases da Unión Económica e Monetaria e en todos aqueles foros que contribúan ó prestixio da nosa Galicia.

Pero non será doado no medio desta crise na que o vello está morrendo e o novo non chega a nacer do todo. No medio, en suma, dun mundo demasiado tecnificado no que impera a racionalidade dos medios para conseguir fins que ninguén discute na súa eticidade. De Sócrates a Karl Popper a alianza entre o culto intransixente á liberdade individual e a aceptación cívica das “leis da Cidade” é en Europa o noso fío conductor e a nosa razón de ser. Velaí a grandeza do ser europeo, que é, en suma, unha decantación histórica da supremacía da razón sobre o mito. Galicia, dentro de España e de Europa, é unha expresión arquetípica do equilibrio entre individuo e sociedade que é, en resumo, o noso puso máis europeo e a nosa maior riqueza cando miramos cara tódalas direccións da rosa dos ventos; porque hai que dicir, unha vez máis, que felizmente xa acabou a guerra fría e, polo tanto, chegou a hora de nos reencontrar, de abrímolas portas de par en par en favor da convivencia entre tódolos pobos e a cooperación eficaz para acadalo desenvolvemento económico e social, fundamentalmente dos países máis necesitados.

Estamos convencidos de que nese equilibrio entre individuo e sociedade está o futuro da política posible nas dúas caras de Jano que son o antagonismo e a integración superadora. Como estou convencido de que a sabedoría dos galegos poderá, nese futuro difícil pero esperanzado que nos agarda, atopalo punto intelixente entre o desenvolvemento dentro da nosa terra e o novo campo de manobras que nos ofrece un mundo sen fronteiras. Nisto, de novo, esperámo-la axuda do Señor Santiago.